

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN ELECTORAL DO 6 DE MARZO DE 2026

Ás 10.05 h do día 6 de marzo de 2026, reúnese a Comisión Electoral en sesión extraordinaria convocada en convocatoria única, de forma presencial na Secretaría Xeral (Reitoría) e mediante videoconferencia a través de Teams.

Asistentes

Asisten os membros da Comisión Electoral: Marta María García Pérez, Luz María Puente Aba, Carlos Platas Iglesias e Rocío García Suárez.

Orde do día

1. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior.
2. Resolución das reclamacións ás proclamacións provisorias das eleccións a representantes 2026.
3. Acordo sobre os medios a disposición das persoas candidatas para a campaña electoral

Desenvolvemento da sesión

1. Aprobación da acta da sesión anterior. Apróbase por unanimidade a acta da sesión do 19 de febreiro de 2026.
2. Resolución das reclamacións ás proclamacións provisorias das eleccións a representantes 2026.

A presidenta expuxo o procedemento seguido para a análise das reclamacións presentadas contra as proclamacións provisionais das candidaturas e detallou os criterios aplicados na súa revisión. As intervencións de Luz María Puente e Carlos Platas contribuíron a fixar os criterios para a estimación ou desestimación das reclamacións.

Acordouse, por unanimidade, estimar aquelas reclamacións presentadas por persoas que cubriran o formulario de presentación de candidaturas pero non o remitiran ao enderezo electrónico indicado no propio formulario.

Así mesmo, acordouse, tamén por unanimidade, desestimar as reclamacións das persoas que non cubriran o formulario de presentación de candidaturas dentro do prazo establecido, ao considerarse que a súa presentación se realizou fóra de prazo.

Do mesmo xeito, acordouse desestimar a solicitude dunha persoa que indicaba que se equivocara ao presentar a súa candidatura, xa que, en lugar de querer presentarse ao Claustro, pretendía facelo á Xunta de Centro. A solicitude foi desestimada polo mesmo motivo, ao non terse formulado dentro do prazo establecido para a presentación de candidaturas.

A presidenta informou, ademais, de que a nova aplicación de xestión electoral incorporará medidas de seguridade na presentación das candidaturas que impedirán o envío por parte de terceiras persoas. Engadiu que xa se trasladaron instrucións ao persoal informático para habilitar o acceso ao formulario de presentación de candidaturas mediante usuario e contrasinal, así como a posibilidade de rectificar a candidatura presentada dentro do prazo establecido para a súa presentación.3. Acordo sobre medios a disposición das persoas candidatas para a campaña electoral

A presidenta informou da solicitude presentada por unha candidatura para acceder á lista do censo e enviar propostas electorais. Indicou que sería recomendable limitar ese

Código Seguro De Verificación	B3DCpxHiLDJqldX+UvQCRg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Asinado	21/04/2026 16:32:15
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/B3DCpxHiLDJqldX%2BUvQCRg%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		




acceso ás circunscricións únicas. Tanto Luz Ponte como Carlos Platas mostraron o seu acordo, destacando a utilidade de facilitar a comunicación entre as persoas candidatas e as integrantes do censo.

Acordouse facilitar listas de distribución ás candidaturas das circunscricións únicas de PCTI, PTXAS, resto do profesorado e profesorado asociado para as eleccións de representantes no Claustro Universitario, dado que estes colectivos non dispoñen dun espazo físico concreto para realizar a súa campaña electoral. As candidaturas do resto de procesos electorais poden facer campaña no centro.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10:25 horas do mesmo día.

E para que conste, levántase a presente acta, que asina a secretaria.

Código Seguro De Verificación	B3DCpxHiLDJqldX+UvQCRg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Secretaria Xeral - Marta María García Pérez	Asinado	21/04/2026 16:32:15	
Observacións		Páxina	2/2	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/B3DCpxHiLDJqldX%2BUvQCRg%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			